



# O NADAL



XXIX

certame  
de  
xornalismo

certame  
de  
poesía







# XXIX CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

---

Patrocina:



XUNTA DE GALICIA

DEBUXO LOGOTIPO:  
XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:  
XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:  
XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»  
DEP. LEGAL LU 419 - 2005

# XXIX CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

---

Patrocina:



O B R A S O C I A L

---

*A publicación dos traballos premiados é posible  
pola colaboración da Secretaría Xeral de Política  
Lingüística, da Presidencia da Xunta de Galicia.*

---



# ARREDOR DO NADAL

*Parece como se a natureza se preparase para o Nadal do xeito máis directo e garimoso, como se quixese que os exteriores se fixesen fríos e inhóspitos para ter que refuxiarse nos interiores.*

*Porque o Nadal, a pesar de tódolos signos externos, é o momento do interior; o momento de mirar dentro de nós, atoparnos a nós mesmos e comprobar que no noso interior temos impreso o camiño a seguir, a idea fundamental -o amor- que salvará o mundo.*


*De novo, en Begonte, vai ter lugar a anual celebración do amor. De novo, en Begonte, vivimos o Nadal, porque o calendario o indica, pero tamén porque nolo piden o corpo e a alma.*

*En Begonte, cada Nadal, xermola unha xa vella semente que o fundador do noso Centro Cultural e do Belén fixo vivir e cuidou, e que agora cada ano de novo atopa en todos nós axeitado berce e garimoso recibimento.*

*Saudamos un novo Nadal, e invitamos a todos a compartilo connosco en Begonte, á beira do Belén Electrónico, lembrando e honrando ós que nos antecederon e preparando un tempo mellor para os que virán.*

*De novo, benvidos ó Belén de Begonte e a todo ó que arredor del ocorre.*

*¡Feliz Nadal a todos!*



*Jesús Domínguez Guizán,  
Presidente do Centro Cultural de Begonte*





POESÍA



## XXIX CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

---

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, entidade promotora do Belén Electrónico co patrocinio de Caixa Galicia, co gallo do Nadal 2004 convoca o XXIX Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal.

- 1.—Poden concorrir tódolos poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
  - 2.—O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.
  - 3.—Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
  - 4.—É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
  - 5.—Hanse concede-los seguintes premios:
    - PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
    - SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
  - 6.—A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, denantes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil cinco.
  - 7.—Tódolos traballos han ser presentados baixo plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.
- BEGONTE (Lugo), nadal de 2004.

# BASES



# FALLO DO XURADO

## FALLO DO XURADO DO XXIX CERTAME DE POESÍA "BEGONTE E O NADAL"

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXIX CERTAME DE POESÍA "BEGONTE E O NADAL", formado por:

D. XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO

D. FRANCISCO MARTÍN IGLESIAS (Paco Martín)

D. RAMÓN SOILÁN PENAS (En representación da entidade patrocinadora)

D. XULIO XIZ RAMIL (En representación da entidade convocante, que actúa como secretario), acordou conceder os premios instituídos:

– PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos, ó poema BIEITA A MEMORIA QUE LEMBRA (en memoria de Fiz Vergara Vilariño), do que resultou ser autor BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (Mero).

– SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros, e estatuíña de Sargadelos, ó poema PREGUNTAS PARA ACUNAR VILLANCICOS, de LÁZARO DOMÍNGUEZ GALLEGO, de Ferrol.

O xurado acordou, así mesmo, conceder dous accésit, dotados con cadansúa figura de Sargadelos, a:

– CINCO POSTAIS DE NADAL, de ALICIA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, de Escairón.

– TIEMPO DE NADAL, de JUAN LORENZO COLLADO GÓMEZ, de Albacete.

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil





## **BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO** **(Mero)**

*Baldomero Iglesias Dobarrio (MERO), naceu en Vilalba en 1951. É mestre. Fundador de FUXAN OS VENTOS e A QUENLLA, ten adicada a súa vida á música e a poesía, tendo gravadas arredor de medio cento de cancións das que é autor da letra, e de moitas delas da música. Ten recollido milleiros de cancións populares por todo Galicia.*

*Ademais do libro colectivo "GALICIA CANTA Ó NENO", ten publicado SOCIAIS (de terceiro, cuarto e quinto de E.X.B), EXPERIENCIAS (primeiro e segundo de E.X.B.), GALEGO-LINGUAXE (de primeiro a quinto), CONTOS DE VELLAS PARA NENOS, SOMOS LENDA VIVA (Lendas para nenos), e CANTOS, COPLAS E ROMANCES DE CEGO (I e II).*

# BIEITA A MEMORIA QUE LEMBRA!

*Bieita a memoria que lembra! Don divino  
creado para humanos para achegárense á Terra,  
facendo do acordo un acto que nos obriga coa Historia,  
que nos obriga a querernos, que nos obriga a querela.  
E así rescatar momentos que nola descubren fráxil, anque querendo é eterna!*

Poñede no Nacemento unha luz máis nos outeiros  
que acenda na Terra Chá agradecidos relembrados  
para os que, nomeando as cousas, espertaron sentimentos;  
os que nos teceron soños cando connosco estiveron,  
nesta nosa voz chairega que mesmo musica os ventos.

*Bieita a memoria que lembra!*

Cantaron con grave voz, coa verba luída e acesa  
para sacar do silencio palabras de gran beleza.  
Poñede unha luz que brille do de Lóuzara a Noriega,  
xunto a Iglesia Alvariño poñede a Crecente Vega,  
a Díaz Castro, a Chao Ledo,... Canto amor nas súas verbas!

*Bieita a memoria que lembra!*

Xunto aos poetas da casa que figuren noite e día  
tamén os sentidos versos do noso Manuel María.  
Aquel *muiñeiro de brétemas* e escritor de panxoliñas,  
que descifrou a Chá inmensa en miles de poesías.  
A figura do poeta non falte no Nacemento!  
É unha forma de amor, é o noso agradecemento  
aos que espallaron aromas dos máis sublimes recendos.  
Debullaron melodías cos seus máis fermosos metros.  
Para agrandar o futuro están os nosos poetas,  
...deixan luz para a esperanza e calor para unha arela!

*Bieita a memoria que os lembra!*



## LÁZARO DOMÍNGUEZ GALLEGO

*Crego e escritor, é profesor do Instituto Concepción Arenal de Ferrol, coadxutor do Pilar e Capelán das Relixiosas Mercedarias desta cidade.*

*Ten escrito un libros de divulgación relixiosa e varios poemarios. Escribe artigos de opinión en El Ideal Gallego e Diario de Ferrol.*

*Entre os seus premios de narrativa destacan o “Pérez Galdós”, o nacional de contos “Ateneo de Sevilla”, e o de contos de Carreño-Asturias. En poesía, o “Alfonso Camín”, de Xixón, o “Ausias March”, de Gandía; o “Carabela de Plata”, de Barcelona”, “Nacional Jerez”, “Amantes de Teruel”, “Gerardo Diego”, ou o “Francisco de Quevedo”, de Villanueva de los Infantes.*

# PREGUNTAS PARA ACUNAR VILLANCICOS

## I

Si dormido respiráis  
con más placer , y alegría  
a mi corazón le dais,  
¿por que dormido no estáis.  
Niño mío, todo el día?

Si a gusto no descansáis  
por culpa de tanto frío,  
¿por qué, mi Amor, no dejais  
vuestra cuna y recostáis  
al calor del pecho mío?

Si dormido reposáis  
y sabe a paz vuestro sueño,  
¿por qué dormido no estáis  
y despierto os empeñáis  
en soñar sólo en el leño?

Si como espero esperáis  
que vuestro sueño me alegre,  
¿por qué dormido no estáis?

## II

Si cuando os reís le dais  
candor y gozo a la brisa,  
¿por qué, mi Niño, no echáis,  
mientras en la cuna estáis  
a volar vuestra sonrisa?

Si cuando el llanto dejáis,  
y, al dejarlo, a vuestros ojos  
más gracia les regaláis,  
¿por qué, mi Amor, no ahuyentáis  
para siempre los enojos?

Si al sonreír me colmáis  
el corazón de alegría  
y la noche ilumináis,  
¿por qué, mi Niño, no estáis  
sonriendo todo el día?

Si cuando os reís llenáis  
de gozo la noche la fría  
¿por qué, mi Niño, lloráis?

### III

Si en el Portal donde estáis  
los ángeles a porfía  
con panderetas y oboes  
cantan todos de alegría...

Si a la cuna que habitáis  
han llegado los pastores  
con estrépito sonoro  
de flautas y de tambores...

Si para que no sufráis  
el frío de tanto frío  
hasta la mula y el buey  
os dan aliento con brío...



¿Por qué, mi Niño, lloráis  
en esta noche de gozo,  
y por qué no descansáis,  
y por qué os desgañáis,  
mientras todo es alborozo?

#### IV

Si ya es de noche y la nieve  
va cubriendo los caminos  
y enjalbegando los pinos  
de blancura aleve y breve.  
Si ya la noche es tan dura  
en el Portal de Belén,  
¿por qué al sol de la más pura  
no te has dormido, mi Bien?

Si ya por fuera la nieve  
va nevando los collados  
y alboreando los prados  
dejándolos sin relieve.  
Si ya la noche es tan fría  
en el Portal de Belén  
¿por qué al calor de María  
no te has dormido, mi Bien?

Si nieva y nieva que nieva  
por campiñas y por valles,  
y nieva y nieva en las calles  
y nieva y nieva en la Cueva.  
Si ya la noche es de nieve  
en el Portal de Belén  
¿por qué al aliento más leve  
no te has dormido, mi Bien?

V

Y cuando llegue al Belén  
de Begonte, hermoso Niño,  
te seguiré con cariño  
preguntando que por qué...  
¡A ver si así de una vez,  
acunando villancicos,  
te quedas tan dormidico  
que se inunde con la paz  
y con el dulce solaz  
de tu sueño el Portalico!





## *ALICIA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ*

*Esta novísima escritora de Escairón ten xa un historial como escritora da maior relevancia.*

*Comezou a concursar e recibir premios de narración e poesía con dez anos, e nestes momentos pasan de trinta os galardóns recibidos nos máis diversos certames.*

*Os seus poemas figuran en varias páxinas de Internet; entrelas en [www.galiciadixital.com](http://www.galiciadixital.com), como gañadora de diversos certames.*

## CINCO POSTAIS DE NADAL

### primeira

e de ser unha árbore  
-acibro transplantado-,  
veñan as túas mans  
para acicalarme.

de vagar,  
segundo a segundo,  
doce enfeites delicados.

### segunda (visual)

unha folerpa pequena  
en cada p|e|s|t|a|n|a.

demoro o salferir  
con xeito tenro,  
e non, non choro.

a derradeira estrela:  
suplico o voso desexo.

### terceira

levo nas unllas as panxoliñas,  
as luces no mirar.

eu, doce-típico  
ao ollarme,  
pénsome no troco do meu pai  
(unha cantiga por unha filloa);

*cantámoslle os reises do kikirikí  
se non nos dan nada marchamos de aquí...*

e durmo, d e s p a c i o ,  
logo da nevarada.

#### cuarta

non aprendín (soa) que  
o tacto  
leva, -tamén-, escintileo

(véxase: sinestesia).

non souben situar as  
figuras, xeroglíficos, pinturas\*,

nin expliquei,  
-tampouco-, siluetas nun pallote:  
sentindo  
sendo.

e hoxe, no embigo do brión  
regáloche un Belén enteiriño.

para ti, Begonte;  
para mín, *carmen, carminis*.  
un sí poema.

\*enténdanse como sinónimos nunha arte miña


#### quinta (ou canto)

*adeste fideles laeti triumphantes  
venite, venite in Betlehem...*

das últimas noites do ano  
recordo a cor verde:  
cariza,  
acivro,  
ceba

esperanza.





## **JUAN LORENZO COLLADO GOMEZ**

*Juan Lorenzo Collado Gómez, é de Albacete. Graduado social, compaxina o seu traballo en Caja Castilla-La Mancha coa súa afección literaria.*

*O seu primeiro conto -e o seu primeiro premio- data de 1997. En 2002 publica "Aire", libro de relatos.*

*Ten obtido diversos premios polos seus traballos en prosa e poesía en Munera e Chinchilla (Albacete), Camuñas (Toledo), Fortuna (Murcia), Requena (Valencia), Amposta (Tarragona), Cáceres, Barcelona, Alcázar de San Juan (Ciudad Real) e Asturias.*

*En setembro de 2004 obtivo o premio "Manuel Díaz Luis" de novela en Monleón-Salamanca.*



## TIEMPO DE NAVIDAD

La niebla de los recuerdos  
se vierte suavemente  
sobre las figuras  
del belén de Begonte que una vez,  
cuando éramos diferentes,  
quizá fuimos nosotros,  
    voces angelicales  
    que hoy suenan a piedra.  
Abejas, pazos, arroyuelos plateados  
y norias inocentes  
rompen la monotonía  
de estas horas de sol gris, humillado,  
que aleja el cielo  
con música casi olvidada  
de villancicos,  
música que araña  
entre perfiles áridos,  
cada golpe del corazón.

La tierra está fría  
    fría y profunda  
mientras la noche  
    se hace lágrima emocionada  
y se mete en el cuerpo  
con un sabor imaginario.  
    Entre brezales  
el pecho de la tierra se abre  
para dejar  
    colgado de hilos incoloros  
una oración  
acunada en el viento,  
vieja nana de trigo  
que mueve la cuna del Niño triunfante.

En la ventana de enfrente  
parpadean las luces de un árbol,  
fogonazos de sensaciones dormidas.  
El álamo del sentimiento  
se desploma  
    sin saber  
        si de amor o derrota.

Sensación de un nuevo reino,  
Navidad que nos hace tocar el infinito  
y los villancicos son pasos  
remarcados en humedales  
al son de gaita y tambor,  
de zambomba y pandereta.

Ahora llevo en mis ojos  
la imagen del espejo,  
el recuerdo  
de muchas noches navideñas  
que parecen avalancha  
de copos desprendidos  
de los sueños,  
el milagro de una paloma blanca,  
sabor a invierno  
a un rezo ante la Virgen del Corpiño,  
al abrazo en la estación del tren,  
al parpadeo de los niños,  
al beso de la abuela que murió hace muchos años,  
a las doce uvas,  
a tantos años  
    de ilusión y cansancio,  
a las cálidas ausencias  
al musgo, a los pastores,  
todos jubilosos ante el nacimiento de Jesús  
que cada año dibuja la misma sonrisa  
en el portal del belén de Begonte.

Son días de perfume de flores blancas,  
de latidos de pirámides,  
de acunar a un niño al son de las mareas.

Son palabras  
que no encuentran espacio  
en el papel para decir  
los sentimientos que surgen del alma.

Son latidos de amor  
en las venas de la tarde  
anidando en un rincón  
de figuras que miran al cielo,  
de magos que siguen una estrella inalcanzable,  
un oleaje de paz  
sobre sonrisas de arroyuelos  
como cristales diáfanos.

sanal para le...  
ousas da vida,  
universais, cheo de a...  
dos dos nosos devance...  
n habilidade, inxenio e  
a...  
arredor é tamén un  
ropicio para que a  
da á ledicia arte-  
tiva medre e  
mas  
sua, a  
lúa, a  
parpadexa...  
ata o amencer du...  
no que se aviva a chi...  
vida e do traballo cotián.  
Nunha xuntanza do gre...  
os protagonistas do gre...  
ecimento figuran  
o plano: Os Re...  
arón do Neno Deus,  
ra e S. Xosé, e  
camellos re...  
nde viaxe...  
ñas, un...  
arm

# PRENSA

XXIX CERTAME DE XORNALISMO  
“BEGONTE E O NADAL”

---

O Centro Cultural JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN de Begonte (Lugo), entidade promotora do BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE, co fin de potencia-lo espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, con-vo-ca o

XXIX CERTAME XORNALÍSTICO  
“BEGONTE E O NADAL”

de acordo coas seguintes BASES:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal ou revista, en lingua galega ou castelán, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e -en xeral- ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se considere os mellores traballos presentados, dotados con:

**PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.-** 600 euros e estatuíña de Sargadelos.

**SEGUNDO PREMIO.-** 300 euros e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do próximo día seis de xaneiro de 2005, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constalos datos persoais do autor.

BEGONTE, NADAL de 2004.

**BASES**

FALLO DO XURADO DO XXIX CERTAME  
XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL"



**FALLO  
DO  
XURADO**

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXIX CERTAME XORNALÍSTICO "BEGONTE E O NADAL", formado por D. ANTONIO CALVO VARELA (Delegado provincial de Cultura), presidente; D<sup>a</sup> BLANCA PACÍN SOMOZA; D. MARCIAL GONZÁLEZ VIGO; D. JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN e D. JOSÉ RODRÍGUEZ VARELA, do Centro cultural de Begonte, que actúa como Secretario, examinados os traballos presentados, acorda emitilo seguinte fallo:

**PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO**, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos. Concédese a FRANCISCO PINEIRO GONZALEZ, polo seu artigo "O BELEN DE BEGONTE" publicado no xornal El Progreso.

**SEGUNDO PREMIO**, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos, concédese a LIDIA LOPEZ TEIJEIRO, polos seus traballos "MAGOA NOS OLLOS", publicados en El Progreso.


**MENCIONS DE HONRA**, dotados con cadansúa estatuíña de Sargadelos, a:

- XOSE RAMON ESCOURIDO BASANTA, por "O MISTERIO DE DEUS", publicado en El Progreso.
- PEPE POL, polos traballos publicados en O Sil, La Comarca del Eo, A Peneira e A Nosa Terra.

O SECRETARIO DO XURADO

José Rodríguez Varela





## FRANCISCO PINEIRO GONZALEZ

*Mestre nado no Reguengo (Mondoñedo), ten abandeirado experiencias teatrais que cristalizaron na fundación e dirección dos grupos teatrais O Bordelo (Cervo) e A Adala (Fazouro-Foz), cos que leva máis de dúascentas representacións en Galicia e Asturias, con obras da súa autoría.*

*Ten escrito guións de títeres para programas educativos europeos, guións de teatro radiofónico e textos para teatro de rúa.*

*Ten obtido os premios "Laxeteatro" 2001, un accésit de poesía no Manuel Oreste 2003, e o Premio de Narrativa deste mesmo certame o ano 2004.*



# O BELEN DE BEGONTE

Ata hoxe nunca souben por que o meu avó se emocionara tanto aquela tarde neboenta dun domingo de Nadal, cando xuntos visitamos o belén electrónico de Begonte.

Nada máis remata-la demostración do movemento das figuriñas todos nos diriximos á saída, agás el. Decateime da súa ausencia cando cheguei a fóra pois precisaba do seu paraugas. Din a volta e atopeino inmóbil, cos ollos cravados no Belén, sorrindo ó tempo que limpaba unhas bágoras.

-Que pasou, avó? Estás ben?

-E non vou a estar! Como non me falaches antes da existencia deste máxico lugar?

Colleume a pregunta tan de sorpresa que ti ven que facer malabares para enfia-la resposta cos valores que o meu cerebro manexaba de cotío.

-Pois... eu pensei que isto, para un home da túa idade serían argalladas, bonecos de xoguete para cativos -contestei.

-As almas dos homes e mulleres da nosa terra nunca foron un xoguete! -espetoume tan seriamente que quedei avergoñado ollando ó meu arredor ata decatarme de que ninguén me ollaba.

-Agora xa non conservades nin a lareira -proseguíu- onde se viñan quentar; agora varrede-la cociña pola Noita Boa e botádelas fóra á xeadá, sen compaixón; nin siguera as convidadas a doces, nin compango! Ti non coñeciches ó meu pai, o teu visavó, non é?

-Non, pero lévasme falado del.

-Coma se non che falara. Para o caso que nos facedes ós vellos! Pois aproveita a ocasión. Alí tes ó teu bisavó, aquel que esfolla no millo, sentado no tallo de tres pés. Non dirás que non te semellas a el? Sodes cuspidiños!

-Ata alí, e máis para aló, ata Donalbai, temos ido os rapaces da Aldea a pidi-lo aguinaldo. Ai, canta vida garda este Belén! Fíxate, nese tren marchei de mozo para a guerra. Maldita moeda de chumbo fundida! Oxalá se quede para sempre durmida! Tanto sufrir nesta vida para agora rematar cerrado nun asilo.

-Avó, alí estás ben. Non che falta de nada.

-Estarei. Fáltame a calor dos meus. Onde estou ben é aquí, axudando nas esfolladas, asando unhas castañas ou botándolle auga ós prados que aínda o podo facer. Quero que me prometas que cando eu morra me traerás para aquí.

-Si, avó, si -asentín convencido de que aquilo era un desvarío máis da súa avanzada idade.

Teño que recoñecer que ata hoxe non me acordara máis daquela conversa nin o día do seu enterro. Fun á presa e marchei de viaxe nada máis remata-la cerimonia da igrexa. Xa se sabe, a nosa vida estresada na que xa temos dabondo belén. Onte tiven unha cita notarial urxente. Nada máis entrar no despacho da señora notaria xa me largou:

-Teño un recado do seu avó. Según deixou disposto neste testamento, vostede prometeu levalo ó Belén electrónico de Begonte cando el morrera.

-Eu? Ah! Si. Pero... bueno, aquilo, foi un dicir.

-A derradeira vontade dun home nunca é un dicir senón un fondo sentimento que se debe cumprir. Tome, lea vostede o que el mesmo escribiu:

-El Belén de Begonte representa el respeto por nuestra cultura y nuestras creencias para todos los que amamos a nuestra tierra y deseamos que perduren en ella modelos solidarios de convivencia...

-Manda mecha -exclamei. Nunca pensei que un home poidera escribir así sen a penas ir á escola.

-Os sentimentos non precisan estudos -rematou a notaria mentres me entregaba unha caixiña. -Tome! Pode abrila.

-Mamaíña do ceo!

Non o podía crer. Alí estaba o meu abó. Unha figuríña idéntica a el, agarrado á aixada. Collino nas mans e mireino de cerca. Afogouseme o peito e con bágoas de home anagueille as zocas.

-Quero que saiba -interrumpiu a notaria- que seu avó deixou feito o molde e pagou a un artesán para que despois do seu pasamento, e na miña presenza, se lle dera forma a esta figura coas súas propias cinsas. Así se fixo. Agora tócalle a vostede cumprilo prometido.

E aquí estou en Begonte, ollando como meu avó cava na roza. De cando en vez ceiba un aturuxo, orgulloso de min e dos seus devanceiros e da fe que fai que un pobo endexamais esmoreza por moito que varran a cociña na Noite Boa.





## LIDIA LÓPEZ TEIJEIRO

*Lidia López Teijeiro ten 19 anos. Reside en Rubiños (Bexán - Cospeito) e estudia Filoloxía Galega en Santiago de Compostela.*

*É a segunda vez que obtén premio no certame do Belén de Begonte pola modalidade de artigo xornalístico. Ten acadado tamén galardóns literarios en certames como os Premios Minerva, o certame de contos Vila de Pontedeume ou o certame Lucus Augusti.*

*Todo o que é, agradécello á súa familia e amigas e amigos que sempre a apoiaron nas boas escollas e nos malos momentos. Tenta cambiar o mundo cos pequenos feitos de cada día, aínda que sexa “só un pouquiño”.*

# MAGOA NOS OLLOS

Adela camiña dun lado para outro, inquieta, buliceira, repasando unha e mil veces coa vista cada unha das figuríñas móbiles, sorprendéndose unha e mil veces do que se parecen ás xentes da aldea. Xoga a poñerlles nomes. “... *Podo tocar? ... esa, esa! ves?...*, sí, a do pan, cravadiña á Dorinda, até na maneira de amasar... E aquel de aló, o que come coa culler de pao, ise, ise, o mesmo, é coma Carlos da Casa Vella, ...ai, ho! logo semella que están aquí todos. E mira, mira! Estoutro de alí, o da cana...” A muller que vai con ela repréndea con dozura, “Acouga, ho, non ves que estorbas aos demais?”.

No belén vaise facendo de día e voltan á vida outras personaxes, monotonamente, co rin ran do traballo ben feito durante moitos anos. “*Déixame, ho, desde aí non se ve nada ben e eu aquí non incordio...*”

Xa os reis magos chegaron ao portal en procesión, e no castelo, dende o curuto vixía “...*Herodes, que é un rei moi ruín que mandou matar moitos nenos para ver se entre todos eles ía tamén o neno Xesús, que naceu nun alpendre porque ninguén quixo dar pousada á parturenta e ao seu home...*”.

Ao fondo, tralos cumios das montañas nevados, enxérganse casiñas pequenas “...*podo tocar?*” “*De ningunha maneira, que é moi delicado e pódese estropear!*” “*Boh, seguro que non é para tanto...*” “*Adelaaa...*” “*Xa paro, xa paro...*”.

Pero o certo é que non, non paraba, seguiu remexendo, encandilada por todas e cada unha das

personaxes; dende o artesán alfareiro “...que si, igualiño ao Eufrasio, o do muiño...”, até os mesmísimos peixiños do río.

Encenderon as luces e saímos para fóra. Adela chegara nova ao piso de acollida o mes pasado, nun fogar completamente desfeito polos malos tratos e o alcol. Non tiñamos maneira algunha de atravesar a coraza de sentimentos que se interpuña entre ela e o exterior, negábase a relacionarse cos seus compañeiros e gastaba o seu tempo sentada á porta, esperando que algún dos veciños que tanto a axudaran na súa aldea, un pequeno núcleo rural perdido en Castela, resolvese vila buscar a Galiza para formalizar a súa adopción. Nin siquera coa chegada do Nadal e as vacacións

fomos quen de lle erguer o ánimo. A idea de trae-la aquí, foi do Xoán o rapaz máis vello. “Se cadra, se sae un pouco conseguimos borrarlle esa mágoa fonda que trae nos ollos. Podiamos ir ver o Belén de Begonte, que é moi fermoso e de seguro que lle fai ilusión...”. E o Xoán acertara de cheo, a pícara mudara totalmente de actitude e non deixaba de sorrir para os seus compañeiros.

-Gustouche, Adela?

-Bueno, si..., bastante, -dixo facéndose de rogar- todo depende dunha cousa.

-E logo?

-O ano que vén poderei tocar? Aínda non dei sabido se os peixes eran eléctricos ou de *verdá*...





## XOSE RAMON ESCOURIDO BASANTA

*Crego, foi o primeiro viveirés ordeado (1984) desde o Congreso Eucarístico de 1961. Foi nomeado Socio de Honra pola Asociación de Veciños de Bravos e Membro de Honra polo Coro interparroquial de Xove-Cervo. O Centro de Transfusión de Sangue de Galicia premiouno pola súa colaboración na doazón de sangue na mariña luguesa desde 1981.*

*Con 18 anos acada o segundo premio de poesía das Festas Minervais do Colexio Landro, de Viveiro, e logo o Mexilón de Prata en Vilagarcía de Arousa.*

*Desenvolve unha moi importante actividade a prol de Cáritas, é delegado de Turismo, peregrinacións e santuarios da súa diocese, e colabora no xornal El Progreso con artigos de temas socio-relixiosos.*



# O MISTERIO DE DEUS

Dende hai anos, no mes de decembro, peregrino cara a Begonte para contemplar o Belén, que o Centro Cultural *José Domínguez Guizán* recrea con moito agarimo co fin de transmitirnos unha catequese, a grandeza da salvación de Deus, como era a intención do seu fundador.

Unha vez máis, nun día escuro con ceo cuberto, mentres que a choiva corría lixeira polos campos da Terra Chá, acompañado dun amigo, volvín de novo ao Belén de Begonte.

Ao entrar no recinto onde está instalado o Belén dá a impresión de que entras nun santuario; o silencio, a penumbra, a mestura de olores a madeira e musgo... van introducíndote nun mundo onde parece que se fala unha linguaxe interior que dá folgos a todo o teu ser.

Situámonos na escaleira para poder observar e recoller na retina a posta en escena da historia máis grande que o ser humano poida imaxinar: Deus faise home, entra no mundo por amor a toda a humanidade.

O nacemento pónse en movemento, mentres lembro o que dí a Escritura cando fala de que Deus deulle un sopro de vida ao home.

No meu maxín aparecen un grupo de persoa que cada ano preparan o Belén Electrónico de Begonte. Estounos a ver como lle dan un sopro de gracia para que as figuriñas cobren vida. Na mente de cada un deles estarán presentes tantas e tantas persoas do pobo que podían estar representadas no Belén polo seu parecido: as miniatu-

ras de homes e mulleres cos seus animais e as súas casiñas que durante uns días dan vida a esta representación feita por un pobo que nos regala un Nadal diferente cada ano.

A mirada de todos os que estamos alí fíxanse nas construcións típicas da bisbarra. A vida de cada día dun pobo sinxelo coma o de Belén. Cada quen está nos seus labores: os serradores no monte collendo leña para se quentar, os oleiros agarrando coas mans o barro arrincado da terra, os panadeiros facendo o pan de cada día; outros, un chisquiño máis enriba están a podar os acios das viñas, nunha casa unha velliña moxe a vaca cunha gran paciencia, mentres outros paisanos comparten a cea enriba dunha artesa.

No Belén de Begonte non só falan as figuriñas das persoas cos seus movementos, senón que tamén o fan outros seres da creación. A auga do río vai cantando unha cantiga fermosa mentras acarriña as pedriñas e o musgo. Os paxaros, a curuxa, as ovellas teñen tamén a súa mensaxe, como diría San Francisco “criaturas da creación loade ao Señor”. A neve, os tronos, a lúa, as estrelas, estannos a dicir que o Creador está presente na vida dos homes.

De súpeto, no fondo aparece un anxo. Si, os que guían aos homes polo bo camiño, eles están coa xente de corazón grande, cos pobres, cos que teñen bos sentimentos, por iso encamiñaron tanto aos pastores coma aos reis ata Belén.

Ai, esquecíame do castelo onde vive Herodes. Ten as portas pechadas e están a vixiar os solda-

dos. ¿Sabedes por que? Os poderosos, os soberbios, os egoístas que só pensan en si mesmos, teñen o seu corazón fortemente pechado. Por iso, no Belén de Begonte, coma en tantos outros, Herodes só pensa en si mesmo e por iso non descobre a Deus.


Para rematar quero falarvos do máis importante do Belén: as imaxes de Xesús, un neno recién nado, fráxil, pobre que é o Salvador; ao seu lado Xosé é un home bo que sempre confiou en Deus, e a nai, María; fixeime na súa figura, que ten as mans abertas e estannos a dicir: “Mirade para El, é a luz no noso camiño de sombras, seguides os seus consellos”.

Agora, todo está en silencio, xa non queda ninguén. Na compañía do meu amigo poido contemplar toda esta historia que pasou nun tempo e nun lugar concreto en Belén, pero que cada ano se actualiza en Begonte.

A mensaxe do Belén de Begonte é que Deus segue nacente cando o ser humano é capaz de amar e deixar que Deus entre no seu corazón.

As xentes de moitos lugares de Galicia volvemos atoparnos coas figuriñas de Begonte, onde Deus segue a nacer nas súas xentes, e en todos os que vivimos e cremos no Deus Enmanuel.





## *JOSE REINALDO POL GARCÍA (PEPE POL)*

*É profesor de E.X.B. no Colexio Público de Quiroga. Antes foi mestre –entre outros lugares– en Montefurado (Quiroga), onde deixou unha importante pegada de actividade educativa e cultural.*

*Ten publicados libros de creación e temas educativos, fundado revistas, creado o grupo poético “Arco da Vella” de Quiroga, e nesta localidade organiza anualmente o “Encontro Poético das terras do sur” da provincia de Lugo.*

*Ten acadado premios de xornalismo ecolóxico, de cartas de amor, de poesía e de prensa escolar. É un infatigable impulsor cultural nas terras de Quiroga.*

# IMOS A BEGONTE DENDE VALDEORRAS

CORENTA E DÚAS

Todos sabemos que as terras valdeorresas son camiño, ruta importante e alternativa, sobre todo nestas datas en que é normal atopar neve en Pedrafita, pois por eiquí, seguindo as ribeiras quentes e doces do Sil, moitos peregrinos fan camiño cara a súa meta: Santiago. Pero este columnista; nas vésperas do Nadal quere lembrarilles que en chegados ás terras de Lemos ou Chantada, deixando o Sil abrazado ó Miño, troquen cara a Terra Chá, camiño de Begonte, pois nestas datas faise obrigada a visita ao portal con máis sona de toda Galicia, non teñamos présa por chegar ó final e deixemos no ruteiro da vida moitos instantes fermosos, cousas inesquecibles que axudan como alimento anímico a ser o noso viático, a fortalecer nos espiritualmente. Si, sei que nestas datas, a falta de luz solar parece contrarrestarse con moitísimas luces, pero recorda, son artificiais, comerciais; encandiladoras mensaxes de consumismo aproveitando os sentimentos, aproveitando a boa fe e o amor. Esas luces parecen tan intensas que casi apagan as dos corazóns, pero o día de Noiteboa todos lembramos a luz da verdade que non precisa de ostentoso candelabro para alumear-lo mundo coñecido, soamente fixo falta ver, pois aínda que agora nesas rúas e escaparates de comercios brillan moitas, son cegadoras, deslumbrantes e fan que os de corazón débil queden como insectos nunha noite de verao, xirando en torno a elas, sen atopar a saída da súa triste perdición.

Vemos as prazas cheas, as rúas convertidas en ríos humanos, todos xuntos, pero todos moi solos. Detrás desas cascadas de palabras que parecen

gotas de auga bendita, detrás desa incontida luz de ledicia que asoma a humanidade polo Nadal, onde parece ser obrigado dicir que se é feliz, está a oscuridade do baleiro, o pozo sen auga, a realidade fría. A felicidade foi soamente un debuxo de sorriso, casi rictus de farsa que, por ser tempo de Nadal, algúns confundindo con Entroido trazan na súa boca e simulan asomar nos ventanais dos ollos; pero na alcoba, no portaleiro de cada cal, ese presebe está baleiro e coa porta pechada para que non poida nace-la luz. ¿Triste, verdade? Triste é aproveitarse dos sentimentos dos outros, finxir, externamente, e, dentro, facer un inferno.

O Nadal non son os pantagruélicos banquetes regados cos mellores caldos, nin intercambiar materialistas agasallos. O Nadal non é dar a quen ten demais, é acordarse do Neno que está presente nese indixente que pode estar coa súa man recollida por medo a pedir, no neno, dunha ou outra cor, que non ten para comer ou que tendo alimento está famento de amor, desa sagrada familia que está quebrada e rota porque non tiveron forza para resisti-los perigos, por esos avós que xa non teñen bágoas para chorar e que buscan e imploran soamente por atopar un portaliño onde abandonar a soedade...

Pero hoxe hai tantos Herodes, hai tantos que matan a nenos, mulleres, homes. Matan sen arma branca nin espada, escravizando a eses inocentes que quedan por uns chiscos de mísera riqueza material prendidos para sempre. Porque o malo non é morrer, o peor é vivir mortos, co cristal em-

pañado e roto e cos adentros convertidos en lama cenagosa que soamente alimentan a falsedade e a mentira, facendo un bo niño para que medren as vontades dos Herodes de sempre. Non leva o río Sil auga dabondo para leva-las pecaminosas vontades que cada vez que ven chega-lo carro do Nada,l móntanse lanzando polas súas bocas unha panxoliña que non senten e regalando desexos que pasada a Epifanía eles mesmos din que aquilo era do Nadal. Parece que a xente esté emborrachada de felicidade, pero o que pasa é que esta xente fariseica está adorando a deuses que eles levantan na súa peana material e seguen estrelas moi fugaces que deixan luminosa estela uns días.

¡Canto mercader, canto vendedor!

¡Canta agresividade, canta intolerancia!

¿Serán capaces de atopar eses peregrinos o portal da luz da verdade?

Todos correndo polas rúas, todos buscando e nada encontran porque non se atopan eles, pasan todo o ano fóra de sí, buscando palacios e escapando do portaliño da vida.

Eu, modestamente, digo co Nadal; cada un dos seus días son como gotiñas de auga bendita que, delicadamente, veñen lustrarnos e limparnos deses pecados cometidos no ano, pero para que sexa efectiva hai que, a palabra, facela vida, que o xesto sexa de corazón e que todo estea baseado na fe, na iluminación da máis grande luz que un día, gracias a Deus e a unha humilde familia, encendeuse nun lugar chamado Belén.

Nas vindeiras festas farei como cada ano por estas datas, o meu particular peregrinaxe para ir ata o portal de Begonte, onde a estrela da verdade brilla na Terra Chá e tódala humanidade. Ese Belén, recuerdo daquel outro, foi unha idea do párroco Xosé Domínguez Guizán e a humanidade teñen sempre aberta a porta á salvación para que esté vivo o espírito do Nadal. Iste ano máis ca nunca para, de paso, despois de pasar polo Belén de Begonte, despois de renacer gracias a esa luz da verdade pasar pola capela de Santa Isabel, no Outeiro de Rei, e visitar a tumba do “sacro poeta laico”, Manuel María, e meditar sobre os seus versos, o catecismo do libertador, “Terra Chá, amada de lonxe... por onde o Miño pasa caladiño para non despertar tanto silencio...”

Berce, o portal de Begonte, sartego do home, Santa Isabel, o Nadal é tempo para recordalo sal do mundo, esté sólida ou derretida, fundidas nese vapor chamado porte, quizais por iso, moitos dos nosos veciños, dicen que o Nadal é triste, aínda que vexamos moitas desas falsas luces, esta festa é de recordos dun Cristo noso, de todos aqueles que deixaron na nosa vida lembranzas inesqueci-

bles (pais, familiares, amigos... troncos e pólas da árbore que nós somos unha delicada folla). Pero non é posible esa sombra de tristura porque cremos en Deus, Cristo e a Sagrada Familia tódolos que fan posible o Nadal.

Festas navideñas, devolven a pureza daquel regato que está escondido no monte da vida; fan que polo menos uns días o río sexa de auga limpa, casi poidamos ve-lo fondo, e pareza hialino cristal e non profundo, obscuro e perigoso, regato de vida, as súas cantigas, esas panxoliñas algaireiras son raioliñas daquela estrela.

Que non sexa a Epifanía un punto e aparte, que siga vivo o espírito do Nadal. Imos a Begonte e no camiño visitemos polo noso Valdeorras todo o portal vivente ou non que atopemos, pois hai que postrarse ante a fonte e bebe-la súa auga para quedar saciados desa necesidade de alimenta-la fe con oracións, agradecementos, e obras para construír cada día, cada xornada, ese Belén e coas figuriñas de calquera oficio ou profesión, teñan vida adorando ó noso Señor.

Bo Nadal a Valdeorras, Galicia e a España miña dende o Sil.

# VILLANCICOS

Resoan os ecos de voces infantís, volve a cantala-voz do pobo: Bo Nadal. E curta a mensaxe, moi prolongado o eco que non sabemos si é un canto de ledicia ou pranto.

Esa voz, amigos, esa voz... ¡oh, Deus!

Non sei, non logro entender, quizais porque os meus sentidos o mundo entorpece, se celebran nacemento ou morte do demo pecaminoso. Creo que son presos que consiguen a súa ansiada liberdade, gorxas que estaban enmudecidas, berro porque damos un sentido ás nosas vidas.

Panxoliñas do Nadal, estreliñas e luceiros que brillan na noite da vida, estrelas que buscan a ollada humana para manter viva nas rúas a luz que está acesa nas almas. Feliz está o pobo porque co Cristo ten o seu Salvador.

Golpea o meu rostro unha brisa xeada, de auténtica neve que procede dos humanos montes, pero eu arroupoume o meu pequeno portaleiro quentándome na chama do meu corazón, o seu latexar é o alento, a respiración do bendito Neno. O Infante que renace cada ano nos nosos míseros pesebres.

Serán días de ledicia, desbocada alegría, pero logo, logo o vento que zoa na costa de xaneiro, levará todo e parece como si a árbore humana durante unha quincena de días tan vestida de follas de felicidade e bos desexos quedara, a infeliz, totalmente núa, baleira como si a verdade fora oropel e puro exorno. Quedan entón as queixumes, as enrugadas do odio, as marexadas da cruel enve-



xa... todas esas pesadas lacras que quizais, por ser excesivamente gravosas, o señor Eolo non puido ou non quixo levar.

O rictus da risa, o debuxo daquela do Nadal, nun pranto. Paradoxas do mundo que despois de estar embebendo de ledicia parece quedar enfermo coa resaca, esquecendo a verdade que a berros no Nadal dicía que adoraba. Canta o villancico, pero como está enfermo do consumismo, non sabemos se canta pra dici-la verdade ou para agocha-la súa pseudofe baseada en comer e beber e deixemos o río do mundo correr.

Goce, deleite, frenesí desmesurado e emerxente nese mar escoito as voces infantís, a cor autén-

tica, son un Sol no inverno, unha raiola de inocencia e quero collela dicindo: Bo Nadal.

Desexo na miña man vela para que alumee a miña alma que non necesita de barriga farta de turrón e mazapán, non de cantigas que son pranto, necesito escoita-la voz do corazón e isa, isa voz está nese coro de nenos/as nesas panxoliñas que espaxan polos pobos e aldeas o espírito de Belén que di que a pobreza é a maior riqueza.

Salgo para cantar cos nenos, para as esperanzas sempre estén ceibes, para as feridas cicatricen e para as mans sempre estean tendidas como anxelicais ás que moven o vento da liberdade.

# NOITE BOA O CAMINO DO NADAL

Despértanme as harmoniosas voces dos nenos/as do colexio de San Ildefonso, avísanme de me tocou vivir outro Nadal, unha lotería co premio gordo asegurado. Dende ese día comezo a percorrer un camiño onde atopo restos de neves que nunca derriten, nin nestas festas tan calurosas espiritualmente, e tamén charcos de bágoas. A xente levaba moitos días preparando as succulentas cestas, esas singulares mochilas para percorre-lo itinerario de entrañable festividade. Comeza coa Noite Boa, a máis fermosa das noites porque naceu a inaccesible luz. Nun recuncho do fogar xa montamos ese invertebrado Belén, non é tan grandioso como o de Begonte, pero significa o mesmo, lembra-lo Cristo Redentor, facer que a nosa casa sexa un portaliño aberto de corazón ó mundo onde sopra e zoa un vento xélido que peta nas portas para apaga-la luz de amor, esa chama que hoxe non deixamos apagar na nosa singular lareira porque, como di a tradición tamén a esa succulenta cea, a máis familiar, acoden as ánimas dos ancestros e presidindo toda esa festa, o berce do Neno nas pallas arrodado da Virxe, o San Xosé, a mula e o boi e unha lexión de pastores buscando ó seu Rei, mentras o trío das maxestades da Terra pónense aos seus pés.

Na mesa hai de toda clase de manxares e os máis deliciosos doces e todo, regado polos mellores caldos e no aire, as verbas, as palabras inflamadas de amor e sentimento, lembranzas e recordos polos que están lonxe, pero... soa un teléfono e, dende o extremo do mundo, chega a voz da persoa querida, familiar ou amigo. Lonxe quedou

a cea de colación, baseada nos peixes, agora son os mariscos, as mellores carnes, e turróns e mazapáns desprazan aquelas torrixas, pan frito no leite e vestido cun grande manto de azucre. Hai, alguna persoa de máis idade, quen bota un suspiro pensando quizais o feliz que estaba cando, tendo tan pouco, o tiña todo.

Xa se come tanto, castígase tanto o corpo, que queda tan canso que nin van á Misa do Galo. Que bonita era, despois desa cea, ir, mozos e mozas, e gastarlles ás rapazas algunha broma mentres se cantaba, polas rúas, rúas de asfalto e cheas de lama, alegres villancicos, pero xa na aldea quedou a familia sen alegría porque faltan nenos e rapaces, falta a risa e soamente escoitamos no programa da tele de turno, un recital de cancións que nada ten que ver co Nadal. Sinto pena porque teño moitos pratos na mesa pero ese Belén

está tamén baleiro porque non hai rapaciños tocándolles as cunchas ou as pandeiretas e cantando no portal da miña casa. Os poucos nenos que aquí viven quedan tan atiborrados de turróns e golosinas como anxos durmidos pero non viven o espírito do Nadal, pois de que serve festexala intramuros, pecha-la miña porta sabendo que, agás o peregrino vento de inverno, ninguén chamará traendo o aire festivo da rúa, facendo que a miña casa sexa un portal de verdade, pois despois da comida familiar hai que ir á misa dar gracias ao noso Señor e logo, cos veciños e achegados facer pola rúa balbordo e alegría porque a Noite Boa non é para sentirse triste; pois é un renacer a unha vida onde dominan os espirituais valores e non materialismo, egoísmo e peitos pechados que non abren cando a voz do mendigo pide, por caridade, a esmola que lle faga volver vivir o Nadal.

# LEMBRANDO AS CÁNTIGAS DO NADAL

Por sempre recordarei aquelas panxoliñas da miña nenez, fermosísimas cántigas. Saíamos polas rúas, entón camiños ou carreiros de lama, deixando a nosa pegada no percorrido, como querendo, sen sequera sabelo, ser outras estrelas fugaces daquela inocente infancia que pasou tan presto e rápida como unha festa do Nadal. Cantabamos, berrabamos sen medo aos fríos do inverno, todos estabamos arroupados nese grupo de rapariños amigos, confidentes de segredos, compañeiros inseparábeis de sanas trasnadas. Chamabamos nas portas e repetindo o retrouso que xa estaba ano tras ano no noso repertorio, pero non por iso aburridos, esperabamos que abrisen a porta de madeira desa humilde casa ou o seu puxigo e aparecese no umbral a persoa que ofrecía, en agradecemento a nosa cantiga, ese gastronómico aguinaldo, chourizo, castañas ou calquera produto da terra. Dicían algunhas: “Por favor, señor Reinaldo, deanos o aguinaldo / aunque sexa pouco / un chourizo enteiro e metade doutro”.

As cantigas do Nadal non foron creadas por nós, esas letriñas viñan transmitidas de xeración en xeración, nós poñíamos a voz e o sentimento desbordante. Podería dicirse que son unha deformación daquelas “cantigas de vilao”, esas que darían lugar a eses vilancicos primeiros, cantigas rurais. Que ledicia ir cantando e tocando instrumentos musicais rudimentarios e rústicos e sempre saíndo algunha persoa daquelas casiñas, un corazón aberto para darnos aquel agasallo. Ó día seguinte, no Nadal, tocaba festa, a rapazada congregábase con todas as viandas que degustaban

animadamente. Había aldeas onde eses pasarrúas se facían o mesmo día do Nadal pero a finalidade era a mesma, ninguén daba prata ou moedas. No día de reis cantábanse outras parecidas e recibiamos chocolate para facer xunto coas galletas, unha boa chocolatada. Cando alguén non daba nada repetíamos na porta: “Dámosche os Reis / guechos de cabra/ dámosche os Reis / e non nos das nada”.

Agora, que triste está o berce das cantigas, ese niño da aldea que quedou sen raparigos e coma se fose rara avis soamente fican un par de exemplares e non saen para esa laboura tan entrañábel, cantar panxoliñas, pois tendo todo fáltanos a nenez que traía ese espírito do Nadal, esa infancia parece que se evaporou polos acendidos raios dunha despoboación do rural. Acabáronse eses cánticos, esa ledicia. Nas portas xa ninguén peta coa voz fermosa da infancia, se alguén felicita é unha postaliña que chega polo aire do correo ou esa palabra que entra nas nosas casa trala alarma do teléfono, pero todo queda intramuros. Agora, eu sigo, cando estamos reunidos xunto á mesa familiar, lembrando aquel coro de nenos; penso que entre todos tiñamos que recuperar na contorna campesina ese marco.

Esperemos sacar do caixón do esquecemento esas letras, eses sentimentos que non poden irse co vento do inverno, xa que son a nosa historia, parte das nosas raíces, unha fonte que cada Nadal hai que facer brotar nas gorxas que defenden os valores da tradición, esa é a mellor confitura, o sabroso doce que queremos regalar para a cestiña destas aldeas, pois nin o mellor turrón nin maza-páns pode substituír esas cantigas.

Agora as nosas vidas están un pouquiño baleiras, aínda que lonxe, na cidade resoan os ecos dun coro que canta panxoliñas, pero son como campás nun réquiem. Paréceme un pranto, un choro. Que pena que o consumismo farte as panzas e apague a chama da doce voz! Poida que nalgunha destas festas volva rexurdir, que os pastores saian da chouza para mirar a Estrela e cantar ledos. Collamos o noso peto cheo de sentimentos e marchemos cara o camiño de Begonte, para alí reflexionar nese Portal, da necesidade de cantar.

Fagamos como ese merlo, que tendo o seu niño de barro pendurando das espiñas da silveira, non para de cantar dando grazas a Deus porque a súa casiña está viva, e por poder recibir e despedir cada día.

# A DESAPARICION DA ALDEA E O BELEN GALEGO

Non hai tantos anos, había polos campos galegos eses portais que chamaban aldeas, eran un espello vivo daquel Belén palestino, pero nun contorno xeográfica e economicamente máis favorecido, aínda que como sempre pasa na vida rural, era a existencia dura, un auténtico pesebre naquelas casas de pedra, pero pechados neses muros había un gran tesouro, unha familia exemplar rodeada de pastorciños, esas crianzas, que eran como anxos vivos, que coidaban de vacas, ovelas... da veceira enteira mentras ían regando os eidos de sentimentos coas súas alegres panxoliñas, coas súas risas cheas de alborozo que facían que o Belén estivera moi vivo e que soamente no medio rural parecía ter sentido o Nadal. Eses pastorciños nada pedían nin solicitaban xoguetes dos Reises, facían eles os obxectos do xogo, pero iso si, cada 5 de xaneiro deixaban os seus zapatos agardando que para o ano tivesen o po dos mesmos camiños, pero un día, unha véspera de Epifanía, Herodes, non podendo matar os pastorciños inocentes, rouboulles os zapatos vellos e deixounos para sempre descalzos, pois aqueles nenos, por culpa do malo sería convertidos en homes espaxados como area no deserto, cos pés sangrantes e o corazón roto e chorando a bágoa viva porque o maldito Herodes escachou, como aquel lobo dos contos, a humilde palloza que quedou ruín e sen tellado. Recordo aquela noite, tan boa, en que todos, sagrados pais e pastorciños, quentándose co afecto paterno e materno, coa vista cravada na chama que desprenden os leños que arden na lareira, porque alí parecer ver a estrela que buscan; toda a estancia estaba moi

quente aínda que fóra houbese moito frío, pero cando a familia vive o nadal non existe xélida tristeza e sí paz e amor, ás dun mesmo anxo. O lume familiar, o espírito do Nadal, vivo, aceso en cada instante. Non traerán os Reises ouro nin mirra pero si o incenso amoroso e familiar. Pero non sei como, ese Belén xa non existe. O xigante Herodes rompeu as casiñas, asustou os pastorciño. Cantas realidades soterradas baixo as púas lacerantes dos montesíos, silveiros, tanta fe, confianza e esperanza levada, apresada nos brazos monstruosos do éxodo. Esborrallaron o rural Belén para, cos pobres desposos, querer intentar facer unha ilusionista réplica, moi distinta e moi diferente, daquela que era tan parecida e semellante a aquel Portal de hai milenios. Por non quedar, nin vacas quedan, pois volvéronse “tolas”. Pranto nos ollos, nubes negras no horizonte e a neve da branca pureza derretida polo lume abrasador da deshumanización que converte en deserto un paraíso de vida, que asusta ós benxamíns e rouba o salvador lume familiar, deixando os fogares convertidos en gaiolas de cemento onde están pechadas esas figuriñas de terracota que son colocadas, ou mellor dito, paradas, como chantadas por esas rúas que están en cada decembro engalanadas con múltiples luces que non son máis ca reclamos que adulteran o verdadeiro sentido do Nadal. Cando pasan a festa recollen eses adornos e queda outra vez, como esquecido da man de Deus, ese Belén de figuriñas que son monicreques da man do destino, que camiñan como silenciosas sombras, con rapidez e silencio, buscando onde haberá un verdadeiro portal, pois este da cidade é un escapare-

te que soamente presenta hipocresía, gardando na trastenda a maldade, esa daga de duplo fío que cercena o espírito do verdadeiro nadal.


Onde quedou aquel regato prateado? Onde aquela estrela? Que foi daquelas Mariás que levaban na súa cabeza un ceo límpido e despexado de procelosos pensamentos, nos seus ombreiros o peso dun fogar campesiño? Que foi deses Xosés sempre coa súa poliña en florida primavera e as súas mans empuñando a fouce que desbrozaba o camiño? Quedaron metidos naquela caixiña de agasallo que chamamos agro, están esperando que chegue esa Natividade en que algún neniño retire coas súas delicadas mans a gasa da brétema do pasado que parece papel que envolve e retire a luctuosa fita que ata esa caixiña; logo, levantando a tapa atopará o Belén de onte, ese da verdade que nunca cambia porque contén as figuras sinxelas de sempre, aínda que, por desgraza, hoxe haxa nenas que canten estrañas cancionciñas, nas mesmas portas do Nadal, que din: “*antes muerta que sencilla*”, parece que de pastora nin falar, que frialdade e tristeza; renunciar a ser esperanza da humanidade e quedar como moscas golosas atrapadas na abraiante encandiladora luz de neón.

Escoitamos as campás de Belén, ese canto do galo e o ladrido do can que avisan que pasa o tempo e que chega o verdadeiro home que abrirá as portas do medio rural que algúns queren manter pechadas para vivir esas opulentas festas, tendo esas personaxes que fixeron posíbel isto esquecido por completo.









XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

CENTRO CULTURAL «JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN»  
DE BEGONTE (LUGO) – DEC. 2004 - XANEIRO 2005